

de clave, órgano e teoría da música antiga, mentres cursa estudos de composición con Eric Gaudibert en Xenebra, con Thomas Kessler e Hans Peter Kyburz en Basilea, e con Ivan Fedele en Estrasburgo.

Outros encontros, dentro dunha longa serie de cursos, festivais e concursos en Europa, van marcando a súa formación; destacan os de Helmut Lachenmann, Brian Ferneyhough, Gérard Pesson, Stefano Gervasoni, Georges Aperghis e Philippe Hurel. Entre 2008 e 2009 participa no Curso Anual para Novos Compositores do IRCAM en París, o seu actual lugar de residencia.

As súas composicións foron interpretadas polos *ensembles* Contrechamps, L'imaginaire, Reconsil, CAIRN, Sillages, SIC, Accroche Note, Vortex, Les Solistes de Lyon, e por solistas de renome como Donatienne Michel-Dansac, Sébastien Vichard, Françoise Rivallande, Jérôme Laran, Sophie Deshayes e Béatrice Zawodnik en festivais como Musica (Francia), Gaudeamus (Países Baixos), Archipel (Suíza), Centre Acanthes (Francia), Les Voix du Prieuré (Francia) e Voix nouvelles, na Abadía de Royaumont (Francia), entre outros.

Na súa incipiente carreira como compositor recibiu encargos das fundacións Nicati, Francis e Mica Salabert, Royaumont, o Ministerio de Cultura de Francia, a Radio Suíza, a Lotaría Suíza e outras institucións; así como bolsas e residencias de parte do cantón de Xenebra, a Cité des Arts en París e a Fundación S. Patiño.

Impartiu cursos e conferencias en Suíza, Francia e Arxentina.

Os seus intereses estéticos están hoxe centrados na creación de organismos sonoros complexos e tipoloxías de desenvolvemento non retóricas do material musical.

<http://ensemblevortex.com/members/composer/fernando-garnero/>

#### VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Alessandra Rombolà *frauta* / Pablo Coello *saxofón* / Thomas Piel *violonchelo* / David Durán *piano* / Diego Ventoso *percusión*

[www.vertixesonora.net](http://www.vertixesonora.net)

CGAC

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Ramón del Valle Inclán 2

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 623

[cgac.actividades@xunta.es](mailto:cgac.actividades@xunta.es)

[www.cgac.org](http://www.cgac.org)

XUNTA  
DE GALICIA

vertixe sonora  
ensemble

Instituto Galego de Simfonía

USC  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

## MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

### CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea  
Mércores, 25 de xuño de 2014, ás 20:30 h

## POSIBLE/IMPOSIBLE

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

### Miguel Matamoro *Outras illas\** (2014)

frauta, saxofón, piano e percusión

### Francisco Castillo *Ideario\** (2014)

frauta baixo, saxofón barítono e violonchelo

### Bernardo Barros *Spill\** (2014)

saxofón, violonchelo, piano e percusión

### Fernando Garnero *Ballad* (2012)

frauta, saxofón, piano, percusión e electrónica

“As estratexias discursivas en que se fundamenta a obra de Diego Santomé (Vigo, España, 1966) están directamente vinculadas cos conceptos de utopía e fracaso, equilibrio e inestabilidade. Tanto na elección dos materiais coma no proceso de traballo, Santomé parte de cuestións ligadas ás circunstancias cotiás e á súa transformación, mostrando a posibilidade/imposibilidade dunha nova orde na que a sociedade acade un equilibrio”.

Agar Ledo, comisaria da exposición

A partir destas premisas, os compositores Bernardo Barros (Marceiό, Brasil, 1980), Francisco Castillo (Cidade de México, México, 1983) e Miguel Matamoro (Vigo, España, 1991) responden á encomenda de Vertixe Sonora coas súas novas composicións *Spill*, *Ideario* e *Outras illas*, completando o programa coa obra *Ballad*, seleccionada por Fernando Garnero (Rosario, Arxentina, 1976). Improntas musicais particulares para “xerar unha tensión entre a realidade e a ficción”, na procura, como acontece con Santomé, “dun espazo de experimentación desde o que cuestionar a percepción da realidade”, onde “o simple e intranscendente, o provisional, se traduce na posibilidade de grandes cambios”.

Co noso agradecemento a Diego Santomé e Agar Ledo.

Vertixe Sonora Ensemble

\*Estrea absoluta. Encarga de Vertixe Sonora.

## OS COMPOSITORES

### **MIGUEL MATAMORO.** Vigo, España 1991

Comezou os seus estudos de piano coa mestra Juana Mora e de composición con Anicia Núñez. Estuda composición en Musikene xunto a profesores e compositores como Gabriel Erkoreka, Ramón Lazkano, Jesús Rueda, Stefano Scarani, Zuriñe Fdez. Gerenabarrena ou José Luis Campana. Ao mesmo tempo acode a encontros, cátedras e conferencias ofrecidas por diferentes institucións e recibe clases de mestres como Mauricio Sotelo, Ivan Fedele, Elena Mendoza, Felix Ibarrodo, Johannes Maria Staud, Narcís Bonet, David Conte, Sánchez Verdú, Alberto Posadas, Aureliano Cataneo e Gérard Pesson, entre outros. Ademais, no verán de 2012, estuda persoalmente co compositor Michael Finnissy.

Traballou con *ensembles* e intérpretes como Ensemble Kuraia, Espai Sonor, Taller Sonoro, Ciklus Ensemble, o *ensemble* de vento madeira de Musikene, a orquestra de Musikene, o coro de EAMA (European-American Musical Alliance) ou o violinista Roberto Alonso.

As súas obras estreáronse en festivais e eventos como Quincena Musical (San Sebastián-Donostia), Festival Sinkro (Vitoria-Gasteiz), as series de circuítos Musikagileak (Euskadi), o Festival Mostra Sonora (Valencia), o circuítu EAMA de concertos (París) ou o IV Circuítu de Música Contemporánea da Fundación BBVA.

### **FRANCISCO CASTILLO.** Cidade de México, México, 1983

Compositor de cámara contemporánea, música orquestral e electrónica residente en Chicago. Recibiu numerosas distincións como o BMI Student Composer Award, senllas mencións honoríficas nas edicións de 2010 e 2011 dos Morton Gould Young Composer Awards e varias nominacións para o Gaudeamus Music Week Prize de Holanda.

Castillo traballou extensamente con grupos interculturais. Esta liña de traballo xorde da súa crianza multicultural en México e ocúpase de cuestións como a identidade, a diversidade e o híbrido. Presenta a diversidade como entidade creativa. Na obra *Prisma* (para óboe, 6 instrumentos orientais e cordas), os mundos sonoros de oriente e occidente méstúranse e crean un unificado fluído tímbrico.

Compuxo numerosas pezas para *ensembles* e orquestras tradicionais que adoitan incluír a electrónica. Recentemente colaborou co bioquímico Josías Zayner na creación do Chromochord, un instrumento que permite a sonificación das proteínas de tamaño nanométrico sensibles á luz que se atopan nas plantas; o resultado deste traballo foi presentado en varias publicacións, incluída a revista científica *Scientific American*.

Numerosas orquestras, *ensembles* e solistas interpretaron a súa música: Holland Symfonia, Orchestre National de Lorraine, Chicago Composers Orchestra, Eighth Blackbird, Ensemble dal Niente, Atlas Ensemble, Nieuw Ensemble, Asko Ensemble, Pacifica String Quartet, Spektral String Quartet, Fonema Consort, Jason Alder, Brian Conelly, Ryan Muncy e Shanna Gutiérrez.

Entre os seus mentores e mestres están Augusta Read Thomas, Shulamit Ran, Kotoka Susuki, Howard Sandroff na Universidade de Chicago; Theo Loevendie, Richard Ayres e Fabio Nieder no Conservatorio de Amsterdam; Shih- Hui Chen, Kurt Stallman e Pierre Jalbert na Rice University; e Haruko Shimizu e José Tavarez en Cidade de México.

Na actualidade, Francisco Castillo está a cursar estudos de doutoramento na Universidade de Chicago, onde leva tres anos exercendo como Computer Music Studio Manager. Asemade, ensina composición musical dixital no Columbia College de Chicago e teoría e composición na New Music School.

<http://franciscocastillotrigueros.com>

### **BERNARDO BARROS.** Marceiό, Brasil, 1980

Compositor, pianista e intérprete de electrónica en vivo. Dedicase á creación de obras para instrumentos e electrónica. Como intérprete céntrase na improvisación con *live-electronics*, desenvolvendo os seus propios instrumentos e ferramentas. As súas interpretacións máis recentes en Europa, Brasil e Estados Unidos inclúen o Sonorities Festival (Belfast), Re:New Festival (Copenhague), SuperCollider Symposium (Boulder, Colorado), CCRMA Modulations (San Francisco, California), La Pietra Forum (Florencia), Linux Audio Conference (Karlsruhe), ENCUN (João Pessoa), etc.

Obtén a licenciatura en composición musical na Universidade de Campinas (Unicamp, Brasil) e estuda no Instituto de Sonoloxía da Haia (Países Baixos) con Konrad Boehmer, Joel Ryan, Clarence Barlow e Kees Tazelaar. Asiste a clases maxistras e leccións particulares de composición con Richard Barrett, Erik Ulman, Brian Ferneyhough, Mark André, Helmut Lachenmann, George-Friedrich Haas e outros. Como improvisador actuou con músicos como Carlos Zingaro, Abdul Moimême, João Pedro Viegas, Joker Nies ou Rodrigo Montoya. Colabora desde hai tempo con Abdul Moimême (dúo de guitarra eléctrica e electrónica), e con Bruno Ruivaro, co que forma un dúo de electrónica en vivo.

Traballa esporadicamente co cineasta e artista visual Celso Brandão. Recentemente gravou un álbum co cuarteto Gnarwhallaby: *Gnarwhallaby 4x4*. En 2011, completou o seu Máster na Universidade de São Paulo cunha tese sobre xestualidade e corporalidade na composición musical e na interpretación. Na actualidade está a realizar estudos de doutoramento na Universidade de Nova York. Continúa a súa colaboración con Gnarwhallaby, SCHAG!, Inifinito Menos e co East Coast Contemporary Ensemble, entre outros colectivos musicais e intérpretes.

<http://bernardobarros.com>

### **FERNANDO GARNERO.** Rosario, Arxentina, 1976

Comeza a práctica musical desde neno tocando en diversos grupos de rock, jazz e folclore. Posteriormente emprende estudos de piano e teoría musical, e máis tarde de composición na Facultade de Artes e Ciencias Musicais da UCA en Bos Aires. En 1998 instálase en Suíza onde recibirá clases